

Actividades "Calendario de Mulleres"



2011

*tempo de mulleres,
mulleres no tempo*

Textos de Berta Piñán Ilustrados por Carmen Peña

Asemblea de Mulleres do STEG



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



TEMPO DE MULLERES

MULLERES NO TEMPO: *mulleres e emigración*

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG achegámosvos esta proposta de actividades para levar ás aulas co obxectivo de sensibilizar e visibilizar ás mulleres emigrantes, e aquelas que viven en zonas de conflito.

Mulleres de diferentes países do mundo que viven entre nós logo de deixaren os seus países, ou que, vivindo onde naceron, devecen por cambios que melloren as súas vidas.

Mulleres que foron protagonistas das historias que contan, das situacións e as consecuencias que estas provocaron. Mulleres que falan dos seus sentimentos, das súas experiencias, das razóns que as levaron a emigrar, dos tipos de traballo que lles tocou desempeñar...

A seguinte proposta de traballo está enfocada ao alumnado de Secundaria. As actividades relacionadas cos textos permiten abordar o fenómeno da emigración, desde unha óptica que busca eliminar prexuízos crecentes ao redor da mesma.

As entradas en todos e cada un dos días do ano permite coñecer as achegas de numerosas mulleres ao longo da historia.

Estas actividades son parte da nosa achega á tarefa coeducadora, do compromiso coa igualdade. Pódense adaptar, ampliar ou usar do xeito que consideredes mellor, dependendo do ciclo ou área nas que as vaiades traballar. Animámosvos a facernos achegas e suxestións que permitan melloralas a partir da vosa experiencia.


Asemblea de Mulleres do STEG



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA





Belarmina

Eu non marchei pero a miña irmá Belarmina, que me levaba a barbaridade de catorce anos, figúrese! ela si que marchou, pero eu non, a min non me tocou. Belarmina foi para Caracas, que tiñamos alí uns curmáns, pero non aguantou máis que oito anos, a pobre, que o seu trinta aniversario celebrámolo ao pouco de volver ela. O caso é que fomos esperala ao Musel miña nai e mais eu. Miña nai dixo que prefería deixar de comer que non ir por ela, “prefiro quitarme de comer que non ir busca-la”, dixo. “E a nena vén comigo”. Así que gastamos os cartos en alugar o coche de Herminio, un ford negro cos asentos forrados en pel beixe. Iso non se me borra da cabeza porque era a primeira vez que eu ía en coche. Despois, no Musel, había moita xente e cando apareceu Belarmina miña nai non chorou nin dixo gran cousa porque miña nai era de armas tomar e nunca choraba nin nada. Esa era miña nai. Pero xa de volta, cando demos a curva grande do Cuetu, a miña irmá berroulle a Herminio “para, Herminio, para” e nosoutros houbemos morrer do susto con aqueles láidos como de aluada que daba. Entón a miña irmá Belarmina saíu disparada do coche e botouse a rebolos pola herba alí mesmo, nos prados do Cuetu. Miña nai, que quedara na beiravía esperando, díxolle “pero estás tola, nena, que fas ho, estás tola ou que” e Belarmina contestoulle que non, que desde que chegara a Caracas non volvera cheirar o orballo e que por iso o facía, para cheirar a herba. E entón miña nai abrazouna moi forte e as dúas puxéronse a chorar e eu tamén chorei e así fomos aquel día as tres de cara á casa.

- **Investiga sobre a historia da emigración das mulleres en España ao longo do século XX. Que tipos de traballo desempeñaban fundamentalmente? A que países emigraban en cada época? Era frecuente retornar ou non? Era frecuente a emigración de mulleres solteiras?**
- **Analiza que describe a expresión “feminización da emigración”, característica importante dos fenómenos migratorios actuais.**

XANEIRO



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



Actividades Calendario de Mulleres 2011

Senegalesa

Dilles que pregunten por min na aldea de Thiaroye, alí coñécenme, saben quen é miña nai a que lle chaman Ndiémé, saben quen é miña irmá Bebé, cal é a miña casa, alí coñécenme.

Dilles que pregunten por min á vella Misia que me viu nacer e que me curou da febre e estivo unha vez na cidade de Thies a pór un dente de ouro, que pregunten por min ao meu curmán Makalou que leva aos turistas na súa barca de pesca.

Que pregunten á miña xente, alí coñécenme.

Díllelo. Non teño papeis, pero alí saben quen son, alí coñécenme.



FEBREIRO

Reflexiona sobre a vida das mulleres en África

- Compara un día cotián na vida dunha nena africana e un día da nosa vida diaria
- Lectura da poesía da muller senegalesa. Relacionao coa campaña “ningunha persoa é ilegal”
- Busca en Internet onde está Senegal e investiga sobre:
 - As desigualdades entre homes e mulleres
 - O traballo que realizan as nenas
 - A taxa de escolarización
 - A taxa de mortalidade infantil e as súas causas
 - Despois dos datos obtidos reflexionade en grupo –toda a clase- as diferenzas que hai entre ser nena ou moza nun país occidental e selo nunha aldea de África.

Actividades Calendario de Mulleres 2011



MARZO

Irina

De cativa, en Kiev, falabamos para todo en ruso e só na casa o ucraíno, dime Irina. Agora seica é ao revés e a xente nova, como o fillo dela, apenas sabe ruso e falan ucraíno arreo.

Irina foi mestra moitos anos pero despois o soldo non daba máis que para os estudos do fillo, así que tivo que vir para aquí para poder mandar diñeiro; Irina acha moitísimo en falta ao seu fillo, que xa é maior pero dá igual e tamén a comida e as amigas que deixou alá, cando sentaban no verán nas terrazas de Kiev a tomar café e non lles importaba que se lles fixese de noite nin nada.

Tamén acha en falta á súa nai que está tan maior e está soa, pero menos.

A nai de Irina gastou hai pouco os aforros en pór un teléfono na casa; pero Irina di que non pode chamala todo o día, que non pode gastar tanto, e que a nai chora cada vez que falan e iso pona a ela tamén triste e deprimida.

Mentres lle pasa o ferro á roupa, Irina cóntame da súa vida alí en Kiev e desta vida súa de agora que nunca imaxinara para ela.

Despois as dúas seguimos coas nosas cousas. "Unha sempre quere o mellor para os fillos", dígolle ao final.

Pero dígollo por non saber que dicir.

Unha vez lido o texto, contestade ás seguintes cuestións.

- **Cres que a Irina lle gusta estar fóra do seu país? Como o manifesta?**
- **Que opinades sobre as políticas de reagrupación familiar? Escribide as conclusións do debate.**
- **Cal é a razón pola que Irina só podía falar ucraíno na súa casa?**
- **Que cambios políticos se produciron no seu país para que o seu fillo fale en ucraíno sen distinguir lugares públicos ou privados?**

Tentade reescribir a historia da inmigración recente en Ucraína , desde un punto de vista máis humano. Poderías contactar con asociacións de inmigrantes e tras escoitar as súas historias redactar un artigo para o voso periódico escolar.

Actividades Calendario de Mulleres 2011



Jaya, 7 anos,
Uagadugú, Burkina Faso.

Non hai unha fonte na miña aldea, só moi lonxe hai un río onde baixan a beber as vacas e algún bicho.

Por iso cada mañá, a mamá camiña comigo e camiña, camiñamos até a fonte, até o río.

Todos os días é igual, todos os días repetidos.

Cando eu sexa moi grande vou levar até a miña aldea esa fonte e

ese río para que alí beban as vacas, para que alí beban os meniños, e a mamá xa non se canse e poida quedar comigo.

y mamá ya no se canse
y puede quedarse conmigo.

➤ **Para primaria:** Jaya reflicte unha realidade nas sociedades patriarcais: a división sexual do traballo que reduce o papel da muller ao ámbito doméstico. Pedimos ás nenas e aos nenos que elaboren un debuxo onde reflictan que fai a súa mamá (ou as mulleres da súa familia) na casa e que fai o seu papá (ou os homes da súa familia). Logo exponse e explicase que se toda a familia axuda nas tarefas domésticas haberá máis tempo para xogar todos e todas xuntos.

➤ **Para secundaria:** A partir da explicación da división sexual do traballo desde o Neolítico e de como xa entón o labor da muller se cingue ao doméstico, chegando aínda ata os nosos días este modelo de sociedade patriarcal que segue pechando o público á muller, pediremos ao alumnado que elabore unha reportaxe fotográfica onde se reflictan mulleres en distintos ámbitos laborais, para logo en gran grupo redactar un manifesto onde se apoie á muller como persoa pola súa valía demostrada para a realización de calquera traballo, co fin de lle dar lectura ou expolo en calquera lugar visíbel do centro.



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



Actividades Calendario de Mulleres 2011



Rosalba

Os domingos comprabamos pipas e gominolas na casa de Marilo. Marilo tiña as uñas dos dedos maimiños longas como gadañas en miniatura e usábaas para abrir o plástico dos cartóns de tabaco, que tamén vendía. Aquelas uñas e os seus movementos tan delicados, cos que abría cartóns de ducados e de fortuna, acaparaban toda a nosa capacidade de fascinación. Un fillo de Marilo marchou a traballar fóra e foi dar a Portugal, disque a Lisboa. O caso é que cando volveu para acá, casara cunha muller angolana, negra como a noite, que falaba portugués. E aquela muller, para nós extraordinaria, sen outra cousa mellor na que ocuparse, púxose a axudar na tenda coa súa sogra. Endexamais volvemos reparar nas uñas de Marilo. A moza aquela chamábase Rosalba e seica foi a primeira vez que sentimos que o mundo pasaba pola nosa vila.

MAIO

Por que cres que Rosalba produciu tanto impacto ás nenas e nenos da vila da que se fala no relato?

- Cres que as mulleres negras sofren unha discriminación maior que as mulleres que non o son?
- Cres que vivimos nunha sociedade racista?

Investiga sobre o feminismo “negro” que xorde nos Estados Unidos para responder á dobre discriminación das mulleres afrodescendentes.



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



Actividades Calendario de Mulleres 2011



Sonu, 8 anos,
El Raval, Barcelona.

Atravesamos a selva,
os bosques
e os camiños,
atavesamos silencios,
os medos
e tantos ríos,
deixamos atrás a casa,
os patios
que foron meus,
atavesamos cidades
os desertos,
mil destinos,
atavesamos lagoas,
o mar ben mouro
e os fríos,
deixamos atrás os rostros,
os ollos
que coñecemos
para chegar aquí,
tan lonxe,
e comezar a andar
contigo.

➤ Pintura

Pintar en papel continuo a historia que narra o poema de Sonu. O traballo repartirase entre grupos que escollerán libremente, por quenadas, os diferentes ambientes a recrear e realizarán o traballo de modo cooperativo.

Unha vez rematado o mural, colgarase dunha das paredes da aula ou no corredor dependendo do tamaño.

➤ Dramatización

Repartiranse, entre os grupos, os papeis dos diferentes ambientes en que se desenvolve o poema (África, árbores, paxaros selva, medos, cidades –coches, edificios, cláxons...- mar, vento, frío).

Realizarase unha representación teatral/dramática das escenas do poema.

Farase partícipes da representación ao resto de grupos do Colexio para a sensibilización de todo o alumnado.

➤ Historia dixital.

Nos Institutos o traballo de presentación da historia farase a base de seleccionar fotografías que reflectan o camiño de Sonu, e dixitalizárase para proxectar as imaxes a posteriori.

Elaborarase unha obra musical coa participación do alumnado do curso ou do Instituto, dependendo das posibilidades. Gravarase a música para a engadir ás imaxes seleccionadas para o documento dixital.

➤ Dramatización.

Tamén pode optarse por realizar a dramatización do poema antes da proxección para crear suspense tamén coa música que se gravou.




CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



Actividades Calendario de Mulleres 2011



Jashmine, 7 anos. Bagdad, Irak

E alí estaba a tenda e alí comprabamos arenques e patacas e alí o arroz e alí o leite e o té e alí estaba o quiosco e alí estaba a tenda dos xeados e alí iamos os martes e comiamos un de amorodo e de chocolate e alí quedabámonos tan frescos e alí estaba a canella e a barbería estaba alí e alí xogabamos á pilla e alí ás agachadas e alí nos escondiamos e alí estaba a estrada e alí os hortos e os tomates e o millo crecía alí e alí estaba aquel pozo e o río, que segue alí, e alí estaba a nosa casa e alí a cociña e o patio e alí a miña irmá e alí a miña cama e alí soñabamos e os cans ladraban polas noites pero non tiñamos medo. Non alí.

Actividade: No poema atoparás moitos nomes propios que poden resultarche estraños. Pescuda a situación dos lugares e a historia dos nomes. Descubrirás unha terra marabillosa e unha cultura excepcional.

XULLO

HOMENAXE A IRAQ

*Lima o vento a pedra creando area.
Pulida polo tempo, a arpa de Ur canta Historia:
Creo en Babilonia xogando co aroma das flores
do seu xardín.
Creo nun paraíso entre o Eúfrates e o Tigris
velando a árbore da Ciencia
onde se mece a froita da sabedoría.
Creo no verbo que se fixo carne no código de Hammurabi
con estas belas palabras:
"Se algunha persoa se cre o suficientemente sabia
para manter a orde nesta terra,
que lea o que está aquí escrito.
Se algunha persoa se sente perseguida,
para encontrar a paz no seu corazón,
que pida lle sexa lido".
Creo nas mil e unha noites de Sherezada
facendo desfilas os seus contos na escuridade
ata converter ao poderoso verdugo
en servidor da tenrura.*

*Creo na voz dos libros,
pacientes tantos séculos
nos andeis da biblioteca de Bagdad
esperando para ser lidos.
Creo en...
Pero a cruel realidade móstrase:
O clamor das lapas devorando ciencia,
o camiño desfeito,
o corpo mutilado,
a casa destruída,
os fusís defendendo petróleo,
sange derramada da terra espoliada,
a prepotencia da bota poderosa
fronte á xilaba e o pé nu.
Acompáñoche no pranto, antiga terra de Mesopotamia
e sei que nunca abundarán, para secar os meus ollos,
todas as páxinas da túa longa Historia.*

Àngels Cardona




CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



Actividades Calendario de Mulleres 2011



Luzmila

Os primeiros cartos que xuntou Luzmila hai uns meses mandoullos a Israel que cumpriu agora cinco anos. Mandoullos para que a avoa o levase a comer ao Burguer que abriron na súa cidade, alá en Bolivia, a dous rueiros de onde viven. Cando Luzmila tiña dezasete anos tivo un noivo pero aquel noivo liscou e agora Luzmila ten a Israel que é o que máis quere no mundo e por iso veu a Madrid, para darlle mellor vida ao seu neno e para que Israel poida comer no Burguer e ter unha bicicleta de montaña se lle peta. Cando fala con el por teléfono, Israel cóntalle a Luzmila as cousas insignificantes dos nenos e quere explicarlle á súa nai con detalle o partido de fútbol que xogou onte á tarde no patio da escola. “Non se dá conta o pobre do que custa cada minuto”, di Luzmila.

Facer un círculo co alumnado e comentar como son as nosas familias, se se parecen á de Luzmila e Israel ou se proceden doutros países...Convidar á aula ás familias do alumnado doutros países para que conten a súa historia. Resaltar o diferente como positivo.

- Levar á aula fotos de mulleres das familias e contar a súa historia.
- Elaborar un caderno viaxeiro. Cada semana o caderno viaxará a unha casa onde se escribirá brevemente a historia da familia e entón se lerá en clase.
- Buscar datos sobre a porcentaxe de mulleres inmigrantes na localidade, os seus países de orixe, situalos no mapa etc. Elaborar unha táboa con todos os datos recollidos.
- Realizar entrevistas a mulleres inmigrantes sobre a súa situación en España, os problemas que encontraron ao chegar, as razóns polas que deixaron o seu país. Analizar cales son as achegas que estas mulleres fan ás súas familias, ao seu país e á sociedade española.
- Debater sobre a situación das mulleres inmigrantes e sobre que cosas teñen que cambiar para que a súa vida mellore.
- Buscar información sobre a orixe do 8 de marzo e sobre a situación das mulleres en Bolivia.
- Investigar e recoller información sobre 8 mulleres bolivianas que sexan significativas polas súas achegas á arte, a literatura, a historia, a política, a música, a defensa dos dereitos das mulleres, a agricultura etc.



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



Actividades Calendario de Mulleres 2011



Idiomas

Cando volveron de Alemaña comprou un piso novo e mobles de primeira. Quería que todo fose como antes pero mellor, con cartos e tempo para gastalos. Pero nada era xa o mesmo. Cando ela dicía horta, os fillos repetían *G e m ü s e g a r t e n*, cando ela dicía río, monte, eles pronunciaban *Fl ü s s*, *G e b i r g e*, cando ela dicía casa, eles miraba, receosos, para outro sitio..

SETEMBRO

Pedídlle ás compañeiras e compañeiros que proceden doutros países que vos conten as diferenzas que máis lles chamaron a atención cando chegaron aquí, especialmente sobre a situación das mulleres. Ás e aos que naceron aquí pero a orixe da súa familia é doutro país, pedídlle que vos conten cal é a súa relación con ambos os dous países.

Buscar en Internet o conto: “A viaxe de Ana”, historias de migración contadas por mozos.

Lede unha das historias e facede unha reflexión sobre o trato que se dá ás minorías étnicas e ás persoas inmigrantes no noso país, comunidade, municipio e centro educativo.




CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



Actividades Calendario de Mulleres 2011



Milagros

Aínda que agora todo o mundo arranxa as casas e tenas caleadas ben brancas e preciosas para o turismo, cando viviamos alí, a aldea era moi pequena e moi pobre e non tiñamos máis que o que traía o meu pai de xornal e catro cousiñas, que a terra de alí non é como isto. Así que cando a miña nai quedou viúva non sabía que facer con dous rapaciños tan cativos e eu aínda de teta. Por iso colleunos un día aos tres á desesperada e arrancam para aquí, para Mieres, porque tiñamos uns parentes traballando na mina. Eu non me lembro porque tiña dous anos pero é coma se o vise de tanto oílo na casa toda a vida: os catro no tren camiño do norte. E como o do meu pai estaba tan recente, a miña irmá e

OUTUBRO

mais eu, aínda que eramos dous micos, iamos vestidas de loito como a miña nai, fíxate que barbaridade!, de negro dos pés á cabeza, así iamos. Aquela foi a viaxe máis longa de todas as viaxes longas que fixemos nunca.


A historia de Milagros conta a situación dunha muller viúva que ten que sacar adiante ás súas fillas e fillo. Infórmate sobre a situación económica das familias monoparentais –fundamentalmente con mulleres á fronte delas-. Relaciona os datos coa expresión “feminización da pobreza”.



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA





“Lapsus”

O meu pai dicía sempre que eu nacera por un “lapsus” o día da voda do seu irmán, que el e a miña nai beberan un pouco e xa se sabe. Tamén, polo que se ve, foi un “lapsus” do coordinador de planta non me meter nas listas para renovar os contratos; e o avogado do seguro dixo que fora un “lapsus” do rapaz aquel que arremeteu contra min co coche no semáforo e deixou o meu para o despezamento. Así que cando o meu Fernando me deu aquela labazada en plena cara con toda a súa manaza aberta e despois dixo con vociña de bo aquilo de ‘non mo teñas en conta, riquiña, só foi un lapsus’, pois pensei que xa era abondo e por iso estou aquí, señora xuíza, porque non aguanto máis “lapsus”.

NOVEMBRO

Ler o relato en voz alta e despois realizar un debate en relación á lectura feita. Para o debate noméase a unha moderadora ou un moderador e abórdanse os seguintes aspectos:

- 1) Que entendedes pola palabra “lapsus”.
- 2) Que vos suxire o relato que vides de ler? Cal é para vós o tema principal do mesmo?
- 3) Que relación ten o tema co mes no que estamos? Que se celebra este mes? Cal é a orixe da celebración do 25 de novembro?
- 4) Vivistes nalgún momento da vosa vida algunha situación semellante?. Como vos sentíchedes?. Contade o caso.

Actividades Calendario de Mulleres 2011



Sami, 10 anos

Freetown, Serra Leona

Hai paxaros de fogo alén da fronteira?

E vacas dun só ollo que miran polo buraco das fechaduras?

Como son alí as noites sen lúa? E os invernos?

A quen ladran os cans alén da fronteira?

Perseguen as libélulas as sombras das nenas?

Que cor ten o monte os días de choiva?

Hai alí chafarices de leite que zurrichan pola boca dos formigueiros?

DECEMBRO

Dime, alén da fronteira, Tamén hai nenos e nenas que xogan de veras á guerra?

Este poema, cres que expresa coñecemento ou descoñecemento do mundo, illamento ou sociabilidade?

A que cres que se refire Sami cando fala de “paxaros de lume”?

As imaxes que utiliza Sami son positivas ou negativas . Explica o por que

Neste mes de decembro en todas as sociedades occidentais desenvolvidas celébrase o nadal, as nenas e os nenos reciben xoguetes e agasallos e non son conscientes das carencias que sofren moitas nenas e nenos que, como Sami, viven noutros lugares do planeta.

Paréceche isto xusto?

Que cres que poderías facer para solidarizarte con estas pequenas persoas que non teñen nada, e que non viron nada do mundo máis alá do ollo da pechadura da súa casa?

Sami fala de violencia no seu poema , con que expresións se refire a ela? cres que deberías axudar a desenvolver a non violencia? poderíamos xogar á paz en lugar de á guerra? Como xogarías á paz? Se tiveses que preparar un xogo que se chamase “Xogar á paz, xogar á par” ,que actividades proporías?

➤ SOBRE AS FRONTEIRAS

Ao final do seu poema Sami fala da fronteira. O dicionario da real academia da lingua define fronteira como:

1. f. Liña divisoria entre dous Estados: 2. Límite, liña que separa dúas cousas ou que marca unha extensión. Cantas fronteiras se che ocorre que pode haber ademais da que existe entre os estados? Fai unha lista e di por qué as consideras fronteiras. Que opinión che merecen as fronteiras?

-Escoita e comenta a canción de Jorge Drexler “Fronteira”



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



***ESTES E OUTROS MATERIAIS PODEDES
ATOPALOS NA NOSA WEB:***

www.stegsindicato.org/muller/

***CALENDARIO “TEMPO DE MULLERES,
MULLERES NO TEMPO” 2011:***

**[www.stegsindicato.org/muller/contidos.
asp?cid=18&ssid=87](http://www.stegsindicato.org/muller/contidos.asp?cid=18&ssid=87)**



CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA





CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA

